

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO DE VIGO



EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERÉS TURÍSTICO, NO ANO 2023.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización de eventos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas da cidade de Vigo que desenvolvan eventos e congresos con interese turístico, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida presupostaria 4320.4700000 “Subvencións Eventos e Actividade, Patrocinios”, da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos deportivos con fines de interese turístico. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCERA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva

QUINTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO DE VIGO



SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.